

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***DELEGACIÓN ESPECIAL ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS**DECRETO*

Por Resolución da Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019 levouse a cabo a estruturación das Áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos Sres/as Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras a Área de Fomento e Servizos, dirixida polo Concelleiro Delegado da Área, D. F. Javier Pardo Espiñeira, atribuíndoselle a dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na Área co fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos e asuntos determinados de natureza e carácter transversal que aconsellan a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais, que en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVE

Primeiro: Delegar no Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución da totalidade das obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, coa excepción dos espazos deportivos baixo a grada de Río xestionados pola Concellería de Deportes.

Segundo: Para os efectos da presente delegación utilizaranse os créditos necesarios das seguintes aplicacións orzamentarias de gasto: 9330.632.00.05 (acondicionamento local grada Tribunal EM. Balaídos) 9330.63200.10 (investimentos mellora EM. Balaídos), 9330.227.06.04 (estudos técnicos mantemento municipal E.M. Balaídos)

Terceiro: A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así



Martes, 15 de setembro de 2020

Núm. 178

como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

Cuarto: Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.

Vigo, na data da sinatura dixital.

O Alcalde-Presidente Abel Caballero Álvarez.—A Secretaria do Goberno Local, M^a Concepción Campos Acuña.

